

DO-0202 Promoción das titulacións

R1 DO-0202 Informe Anual de Promoción das titulacións do centro

Centro: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Curso académico: 2024/2025

Aprobado en Comisión de Calidade o 21/10/2025

Vigo, a 21 de outubro de 2025

Guillermo García Lomba
Coordinador de Calidade

O obxectivo do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EEME) é establecer a sistemática que permita ao centro planificar, organizar e avaliar de forma adecuada as accións de divulgación da súa oferta formativa. Este Plan ten un carácter anual e ten como obxectivo fundamental o de ofrecer ao estudantado potencial información directa sobre as características das titulacións da EEME.

Este Informe Anual de Promoción do Centro recolle o conxunto de accións realizadas durante o curso 2024/2025.

A persoa responsable do Plan de Promoción é a Coordinadora da Comisión de Difusión do Centro, Raquel Pérez Orozco. As súas funcións son:

- Avaliación anual das actividades planificadas, recompilando e arquivando as evidencias xeradas á finalización do curso académico e que se resume neste documento, *Informe Anual de Promoción do Centro, Curso 2024/2025*. O devandito seguimento debe ser aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade e pola Xunta de Escola.
- Remitir á Comisión de Garantía de Calidade do centro a proposta do Plan de Promoción para o curso 2025/2026. Dita proposta debe ser aprobada pola devandita comisión así como pola Xunta de Escola ao inicio do curso académico.
- Distribuír as actividades de Promoción entre os membros da Comisión de Difusión, o Equipo Directivo e o profesorado do centro.

Informe da Coordinadora da Comisión de Difusión das titulacións impartidas na EEME

CURSO 2024/2025

Seguindo a tendencia habitual dos cursos académicos previos, no 2024/2025 a EEME estivo presente en 93 centros educativos de educación primaria, secundaria, bacharelato e FP de Galicia grazas ás diferentes actividades de divulgación científica e promoción da oferta formativa do centro que organiza e nas que participa.

En setembro de 2024, a EME enviou por correo electrónico cartas informativas coa oferta das actividades de difusión e os concursos a todos os IES e Bacharelato da comunidade co fin de darlle visibilidade ás titulacións do centro:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Mestrado universitario en Enxeñaría de Minas
- Mestrado interuniversitario en Xestión Sostible da Auga.

Este Informe Anual do Plan de Promoción do curso 2024/2025 presenta a seguinte estrutura:

1. Actividades nas que persoal da EEME visita os centros educativos
2. Actividades nas que os centros educativos ou público xeral visitan a EEME
3. Participación en Feiras de Orientación Universitaria
4. Participación en outros eventos de divulgación científica
5. Proxecto “Olimpíada da Enerxía”
6. Recursos materiais de promoción e divulgación
7. Concursos organizados pola EEME
8. STEMBach
9. Actividades con dimensión social
10. Redes sociais

1 Actividades nas que persoal da EEME visita os centros educativos

1.1 Conferencias de divulgación científica e/ou tecnolóxica e sesións informativas sobre a oferta formativa do centro

<https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/conferencias-tematicas/>

Os centros de educación primaria, secundaria e bacharelato poden solicitar á EEME calquera das conferencias ofertadas, de maneira que un/unha profesor/a da EEME, acompañado/a nalgúns casos dun ou dunha estudante dos últimos cursos dos graos, se despraza ao centro interesado. Durante unha hora realízase a exposición sobre o tema solicitado. Para facer máis interesante a exposición, a persoa docente tenta acompañar a súa exposición con actividades manipulativas. En todas as actividades faise referencia ás titulacións da EEME, especialmente aos graos. Ademais, os centros poden solicitar unha conferencia non ofertada sempre e cando estea relacionada con enerxía, materiais, minería e medio ambiente. As conferencias impartidas no curso 2024/2025 foron:

- A) SESIÓNS INFORMATIVAS SOBRE A OFERTA FORMATIVA DO CENTRO (nivel grao, duración: 40 minutos)
 - Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
- B) CONFERENCIAS TEMÁTICAS (duración: 50 minutos)
 - Materiais intelixentes e outras aplicacións
 - Física Re-Creativa: <http://www.clickonphysics.es/>
 - Recursos minerais en Galicia e España
 - Aplicacións da termografía infravermella no campo dos recursos naturais e medio ambiente
 - Aspectos medioambientais na explotación de recursos mineiros
 - Restauración de espazos afectados por explotacións mineiras
 - Conservación do *street art* (dirixida a estudantes de química, ciencias da terra e xeoloxía)
 - ¿Que fai un/unha enxeñeiro/a de minas conservando patrimonio cultural?
 - Minaría espacial
 - A chispa azul: a enerxía do mar
 - A muller na enxeñaría
 - O cambio climático: mitos e realidades dende unha visión positiva.

Un total de 60 centros solicitaron que o persoal da EEME os visitase e concretamente 66 conferencias foron impartidas e chegou a 2981 estudantes de educación secundaria e bacharelato. As conferencias realizadas polo persoal da EEME en centros de educación secundaria e bacharelato durante o curso 2024/2025 recóllense na Táboa 1.

Táboa 1: Conferencias impartidas en centros de primaria, secundaria e bacharelato no curso 2024/2025

Data	Centro	Nivel do alumnado	Nº asistentes	Persoal da EEME	Actividade
20/09/2024	EPAPU Nelson Mandela (A Lama)	4º ESO	20	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
24/09/2024	CPI Curros Enríquez (Pazos de Borbén)	3º e 4º ESO	22	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
15/10/2024	Colegio Plurilingüe Liceo La Paz (A Coruña)	ESO	25	Carlos Pérez Collazo	A chispa azul
23/10/2024	IES Soutomaior (Pontevedra)	4º ESO	49	Raquel Pérez	Charla informativa sobre os Graos
24/10/2024	Compañía de María (Vigo)	1º e 2º Bach	11	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Espectroscopía e Difracción
06/11/2024	IES de Oroso	4º ESO	65	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
08/11/2024	Colexio Marcote (Mondariz)	3º e 4º ESO	30	María Araújo	Minería Espacial
12/11/2024	Colexio Vigo (Redondela)	1º Bach	22	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
13/11/2024	IES Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa)	1º ESO	125	Ana Larañaga, Javier López e Raquel Pérez	Intelixencia Artificial
21/11/2024	IES Luis Seoane (Pontevedra)	1º e 2º Bach	31	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
27/11/2024	IES As Barxas (Moaña)	3º e 4º ESO	98	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
28/11/2024	IES Cotobade (Cotobade)	4º ESO	30	Carlos Pérez Collazo	Cambio Climático
29/11/2024	IES A Pinguela (Monforte de Lemos)	4º ESO e 1º Bach	47	Raquel Pérez	Intelixencia Artificial
12/12/2024	IES Primeiro de Marzo (Baiona)	2º Bach	32	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Espectroscopía e Difracción
08/01/2025	IES Canido (Ferrol)	1º e 2º Bach	31	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
08/01/2025	CPR Tirso de Molina (A Coruña)	1º e 2º Bach	21	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
09/01/2025	IES Ramón Cabanillas (Cambados)	ESO	26	Iago Pozo	Explotación de recursos minerais en Galiza/España
09/01/2025	IES Saturnino Montojo (Ferrol)	1º e 2º Bach e ESO	90	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
09/01/2025	IES As Mariñas (Betanzos)	1º e 2º Bach	50	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
09/01/2025	IES Plurilingüe de Ames (Ames/Bertamiráns)	1º e 2º Bach	79	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
10/01/2025	IES Laxeiro (Lalín)	4º ESO	84	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
13/01/2025	IES A Sangriña (A Guardia)	1º e 2º Bach	82	Moisés Cordeiro	Intelixencia Artificial
13/01/2025	IES Isaac Díaz Pardo (Sada)	1º e 2º Bach	60	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
14/01/2025	IES Mugardos (Mugardos)	1º e 2º Bach	28	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
14/01/2025	IES Concepción Arenal (Ferrol)	1º e 2º Bach	50	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
16/01/2025	IES García Barros (A Estrada)	1º e 2º Bach	59	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
16/01/2025	IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)	1º e 2º Bach	32	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
17/01/2025	Colexio Santiago Apóstol (Ponteareas)	4º ESO	34	María Araújo	Minería Espacial

21/01/2025	IES da Cañiza (A Cañiza)	1º e 2º Bach	27	Moisés Cordeiro	Intelixencia Artificial
21/01/2025	IES da Cañiza (A Cañiza)	1º e 2º Bach	27	Moisés Cordeiro e Raquel Pérez	Escape Room sobre Sostibilidade e Recursos Minerais
23/01/2025	IES Antón Alonso Ríos (Tomiño)	3º-4º ESO	35	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
31/01/2025	IES Val do Asma (Monforte de Lemos)	3º-4º ESO	27	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
13/02/2025	IES do Castro (Vigo)	1º e 2º Bach	40	Raquel Pérez	Muller e Enxeñaría
14/02/2025	Pablo VI (A Rúa)	1º e 2º Bach	43	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
17/02/2025	CEIP Cedeira	3º e 4º Primaria	28	Raquel Pérez	Xornadas de Muller e Enxeñaría. Materiais: ciencia ficción ou realidade
18/02/2028	CEIP Reboreda	6º Primaria	20	Raquel Pérez	Xornadas de Muller e Enxeñaría. Ensinándolle a un ordenador a recoñecer minerais
19/02/2025	CEIP Laredo	6º Primaria	20	Raquel Pérez	Xornadas de Muller e Enxeñaría. Ensinándolle a un ordenador a recoñecer minerais
20/02/2025	IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)	3º ESO	45	Raquel Pérez	Muller e Enxeñaría
24/02/2025	CEIP Plurilingüe Igrexa	5º e 6º Primaria	23	Raquel Pérez	Xornadas de Muller e Enxeñaría. Materiais: ciencia ficción ou realidade
28/02/2025	CIFP Rodolfo Ucha (Ferrol)	1º Ciclo Medio e 1º CFP	70	Elena Alonso	Charla sobre os Graos
13/03/2025	IES Sánchez Cantón (Pontevedra)	2º Bach	65	Raquel Pérez	Charla sobre os Graos
19/03/2025	IES de Allariz (Allariz)	2º Bach	12	Benito Vázquez	Óptica Xeométrica
20/03/2025	IES Coruxo (Vigo)	2º bach	16	Benito Vázquez	Óptica Xeométrica
21/03/2025	IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia)	1º e 2º Bach	33	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
21/03/2025	IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia)	1º e 2º Bach	28	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
25/03/2025	Programa LCA (Lingua, Cultura e Adaptación á universidade española, UVigo)	Preuniversitario	130	Raquel Pérez	Oferta Formativa do Centro
26/03/2025	IES de Poio (Poio)	1º e 2º Bach	25	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
27/03/2025	IES Antón Alonso Ríos (Pontevedra)	2º Bach	12	Benito Vázquez	Óptica Xeométrica
28/03/2025	IES Eduardo Blanco Amor (Ourense)	2º Bach	15	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
02/04/2025	IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)	4º ESO	30	Benito Vázquez	Física Re.Creativa
02/04/2025	IES García Barros (A Estrada)	4º ESO	37	Benito Vázquez	Física Re.Creativa
03/04/2025	CPI Aurelio Marcelino Rey García (Cuntis)	4º ESO	27	Benito Vázquez	Física Re.Creativa
04/04/2025	IES As Barxas (Moaña)	2º Bach	10	Benito Vázquez	Óptica Xeométrica
04/04/2025	CPR Plurilingüe María Auxiliadora (Ourense)	1º e 2º Bach	38	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
04/04/2025	IES Brema (Pontedeume)	1º Bach	100	Javier Deive	Charla sobre os Graos

08/04/2025	IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo)	4º ESO	60	Iago Pozo	Conservación da Arte Urbana
11/04/2025	IES Lama das Quendas (Chantada)	4º ESO e 1º Bach	50	Benito Vázquez	Luz e Cor
23/04/2025	IES de Sar (Santiago de Compostela)	4º ESO, 1º e 2º Bach	62	Benito Vázquez	Interferencia con Luz Branca
24/04/2025	Colexio Maristas El Pilar (Vigo)	4º ESO	50	Benito Vázquez	Luz e Cor
25/04/2025	IES San Rosendo (Mondoñedo)	4º ESO e 1º Bach	38	Javier López	Intelixencia Artificial
29/04/2025	IES do Castro (Vigo)	2º Bach	30	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
30/04/2025	IES Xunqueira II (Pontevedra)	3º e 4º ESO	130	Benito Vázquez	Óptica Xeométrica
06/05/2025	CPR Plurilingüe Andaina (A Coruña)	4º primaria	50	Raquel Pérez	Minerais e o seu papel na fabricación de pinturas
15/05/2025	IES Maximino Romero de Lema (Baio)	1º Bach	30	Benito Vázquez	Luz e Cor
19/05/2025	Colexio Pablo VI (A Rúa)	1º e 4º ESO, 1º e 2º Bach	75	Raquel Pérez	Escape Room: Sostibilidade e Enerxía
21/05/2025	Instituto Español Severo Ochoa (Tánger)- Virtual	4º ESO e 1º Bach	90	Benito Vázquez	Luz e Cor



Figura 1: Conferencias temáticas en diversos centros. A: IES Castro Alobre (Intelixencia Artificial). B: IES de Sar (Física Re-Creativa). C: IES da Cañiza (Escape Room e Intelixencia Artificial).

1.2 Obradoiro de Recoñecemento de visu de Minerais

<https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/coleccion-de-minerais-manuel-de-sas-de-la-encina/obradoiro-de-recoñecemento-de-minerais/>

A EEME recibe centros que estean interesados en realizar un “Obradoiro de recoñecemento *de visu* de minerais”. Esta actividade ten unha duración de dúas horas; a primeira hora céntrase nunha exposición sobre as características e peculiaridades dos minerais, exposición denominada “*Mineral tales*” e a segunda céntrase no recoñecemento dun conxunto de 3 exemplares coa axuda do material necesario para a súa identificación: lupa, material para identificar a dureza (moeda de cobre, vidro, porcelana, etc.). No curso 2024/2025, realizáronse 9 obradoiros de recoñecemento de minerais fóra da EEME (Táboa 2).

Táboa 2: Centros educativos nos que se realizou o obradoiro de recoñecemento de minerais.

Data	Centro	Persoal da EEME	Nivel alumnado	Nº de asistentes
15/11/2024	IES de Allariz	Raquel Pérez	1º ESO	32
22/11/2024	CPI de Vedra	Laura Andrés e Raquel Pérez	1º ESO	48
29/11/2024	IES Xograr Afonso Gómez (Sarria)	Raquel Pérez	1º ESO	60
13/12/2024	Colexio Santa Cristina (Vigo)	Teresa Rivas e Laura Andrés	1º ESO	25
19/12/2024	IES A Guía (Vigo)	Teresa Rivas e María Pazo	4º ESO e 1º Bach	12
31/01/2025	Colexio Santiago Apóstol (Ponteareas)	Teresa Rivas e Laura Andrés	4º ESO	34
23/04/2025	EPAPU Nelson Mandela (A Lama)	Teresa Rivas e María Pazo	ESO	25
25/04/2024	IES San Rosendo (Mondoñedo)	María Pazo	4º ESO e 1º Bach	38
06/05/2025	CPR Plurilingüe Andaina (A Coruña)	Raquel Pérez	1º ESO	55

1.3 Exposición Itinerante

<https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/exposicion-itinerante/>

A EEME ofrece a posibilidade de enviar ao centro interesado unha exposición de carácter didáctico que versa sobre os principais *Recursos Naturais de Galicia, Materiais e Reciclaxe, Restauración de Espazos Naturais*. Nesta exposición descríbense os recursos enerxéticos e mineiros de Galicia e faise unha breve descrición técnica de como é o seu aproveitamento. Ademais recóllese información sobre as fontes de enerxía alternativas como a hidráulica, eólica, xeotermia, solar e biomasa. Móstrase a importancia dos materiais no ámbito industrial automobilístico e a reciclaxe dos mesmos. A exposición consta de cinco *banners* con soporte autoportante, de fácil montaxe e coa posibilidade de colocación en espazos reducidos. O tempo de concesión é de aproximadamente 2 semanas. Dispónse de tres exemplares e como se recolle na Táboa 3, a exposición estivo en 8 centros no curso 2024/2025.

Táboa 3: Centros nos cales estivo localizada a exposición itinerante durante o curso 2024/2025.

Centro	Datas
IES Cotobade (Cotobade, Pontevedra)	04/11/2024 – 15/11/2024
IES do Castro (Vigo, Pontevedra)	19/11/2024 – 29/11/2024
IES Xograr Afonso Gómez (Sarria, Lugo)	29/11/2024 – 16/12/2024
Salesianos - María Auxiliadora (Vigo, Pontevedra)	10/12/2024 – 20/12/2024
IES de Allariz (Allariz, Ourense)	20/01/2025 – 31/01/2025
CPR Santiago Apóstol (Ponteareas, Pontevedra)	20/01/2025 – 31/01/2025
IES Politécnico (Vigo, Pontevedra)	28/04/2025 – 09/05/2025
CPR Andaina (A Coruña)	06/05/2025 – 16/05/2025



Figura 2: Paneis constituíntes da exposición itinerante.

2 Actividades nas que o centro educativo ou público xeral visita a EEME

2.1 Obradoiro de Recoñecemento *de visu* de Minerais

<https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/coleccion-de-minerais-manuel-de-sas-de-la-encina/obradoiro-de-reconecemento-de-minerais/>

A EEME recibe centros que estean interesados en realizar un “Obradoiro de recoñecemento *de visu* de minerais”. Esta actividade ten unha duración de dúas horas; a primeira hora céntrase nunha exposición sobre as características e peculiaridades dos minerais, exposición denominada “*Mineral tales*” e a segunda céntrase no recoñecemento dun conxunto de 3 exemplares coa axuda do material necesario para a súa identificación: lupa, material para identificar a dureza (moeda de cobre, vidro, porcelana, etc.). O feito de que os centros visiten a EEME, permite darlle visibilidade ás titulacións impartidas no centro. No curso 2024/2025, realizáronse 7 obradoiros de recoñecemento de minerais na EEME (Táboa 4).

Táboa 4: Centros que visitaron a EEME, realizando o obradoiro nas instalacións da escola.

Data	Centro	Persoal da EME	Nivel alumnado	Nº de asistentes
16/10/2024	IES do Castro (Vigo)	Raquel Pérez	2º Bach	9
30/10/2024	IES Castela (Vigo)	Raquel Pérez	1º Bach	51
21/11/2024	IES Politécnico (Vigo)	Teresa Rivas e María Pazo	1º Bach	51
18/12/2024	IES Beade	María Pazo	2º Bach	6
08/01/2025	Colexio María Auxiliadora - Salesianos (Vigo)	Laura Andrés e Iago Pozo	1º ESO	56
30/01/2025	Colexio Marcote (Mondariz)	Raquel Pérez e María Pazo	1º e 2º Bach	35
12/05/2024	IES Otero Pedrayo (A Coruña)	Teresa Rivas, Laura Andrés e María Pazo	3º ESO	68



A



B

Figura 3: Obradoiro de recoñecemento de minerais que se organizaron a) nas instalacións da EEME co IES Polotécnico de Vigo e b) nas instalacións dos centros educativos (IES de Allariz).

2.2 Aula Aberta á Tecnociencia

<https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/aula-aberta-a-tecnociencia/>

A EEME dispón da Aula Aberta á TecnoCiencia. Trátase dun espazo onde o centro solicitante, tras cita previa, realiza durante unha hora un módulo baseado en actividades manipulativas, de maneira que as persoas visitantes poidan ver de xeito práctico conceptos relacionados con enerxía, materiais e medio ambiente. Actualmente os módulos que se ofertan son:

- Módulo de combustión: “*May the fire be with you*”
- Módulo de xeotecnoloxías: topografía con realidade aumentada
- Módulo termografía infravermella: Visión infravermella: unha nova forma de contemplar o mundo
- Módulo de física: Física Re-Creativa
- Módulo de materiais: A febre dos materiais
- Módulo de enxeñaría do terreo: “*The Wall*”
- Módulo de intelixencia artificial : érase unha vez un mundo de datos
- Módulo de enxeñaría química: dende as fontes termais galegas ata o motor do coche.

Na Táboa 5 amósase a relación dos 21 centros que visitaron á Aula Aberta á TecnoCiencia durante o curso 2024/2025 xunto cos módulos realizados. En total participaron 700 asistentes.

Táboa 5: Centros que durante o curso 2024/2025 asistiron a algún módulo da Aula Aberta á TecnoCiencia.

Data	Centro	Nivel do alumnado	Nº de asistentes	Persoal da EEME	Módulo
14/10/2024	IES Luis Seoane (Pontevedra)	1º Bach	11	Raquel Pérez Moisés Cordeiro	Combustión Intelixencia Artificial
16/10/2024	IES do Castro (Vigo)	2º Bach	9	Francisco Deive	Enx. Química
23/10/2024	IES Soutomaior (Pontevedra)	4º ESO	49	Beatriz Guitián José Domingo Moya	Materiais Intelixentes Combustión
30/10/2024	IES Castela (Vigo)	1º Bach	51	Moisés Cordeiro Javier López	Intelixencia Artificial
21/11/2024	IES Politécnico (Vigo)	1º Bach	51	Francisco García	Termografía Infravermella
22/11/2024	Colexio Andersen (Vigo)	2º ESO	26	Beatriz Guitián Aránzazu Pintos Benito Vázquez	Materiais Intelixentes Física Re-Creativa
05/12/2024	Colexio Vigo (Redondela)	2º Bach	15	Benito Vázquez Juan José García e Amanda Franco	Física Re-Creativa Combustión
10/01/2025	IES Beade (Beade)	1º Bach	20	Beatriz Guitián e Aránzazu Pintos Juan José García e Amanda Franco	Enx. Materiais Combustión
14/01/2025	IES Pino Manso (O Porriño)	1º e 2º Bach	55	Beatriz Guitián e Aránzazu Pintos Benito Vázquez	Enx. Materiais Física Re-Creativa
15/01/2025	IES Terra de Soneira (Vimianzo)	1º Bach	21	Benito Vázquez Salomé Álvarez Juan José García e Amanda Franco	Física Re-Creativa Enx. Química Combustión
17/01/2025	Colexio Miralba Jesuitas (Vigo)	1º e 2º Bach	23	Salomé Álvarez Francisco García	Enx. Química Termografía infravermella
17/01/2025	IES de Valadares (Vigo)	1º e 2º Bach	32	Juan José García e Amanda Franco Javier López	Combustión Intelixencia Artificial

30/01/2025	Colexio Marcote (Mondariz)	1º e 2º Bach	35	Francisco García	Termografía Infravermella
03/02/2025	IES Coruxo (Vigo)	3º ESO	60	Francisco García Juan José García e Amanda Franco	Termografía Infravermella Combustión
05/02/2025	IES Carlos Casares (Vigo)	1º Bach	30	Benito Vázquez Beatriz Guitián e Aránzazu Pintos	Física Re-Creativa Enx. Materiais
07/03/2025	CPR Quiñones de León (Pontevedra)	3º e 4º ESO	30	Raquel Pérez Salomé Álvarez	Combustión Enx. Química
11/03/2025	IES María Soliño (Cangas)	1º e 2º Bach	24	Raquel Pérez	Combustión Intelixencia Artificial
04/04/2025	IES O Couto (Ourense)	1º Bach	40	Salomé Álvarez Fran García	Enx. Química Xeotecnoloxías
07/05/2025	IES Lama das Quendas (Chantada)	4º ESO e 1º Bach	26	Francisco García Javier López	Xeotecnoloxías Intelixencia Artificial
08/05/2025	Salem-Ahmed Baricala (República Árabe Saharaui) - Virtual	Secundaria	24	Benito Vázquez	Luz e Cor
12/05/2025	IES Otero Pedrayo (A Coruña)	3º ESO	68	Beatriz Guitián e Aránzazu Pintos Amanda Franco e Juan José García	Materiais Combustión

[illegible]

Figura 4: Folheto informativo da Aula Aberta á Tecnociencia

2.3 Portas abertas nos laboratorios da EEME

Os centros de educación primaria e secundaria tamén poden visitar a Escola para visitar os diferentes laboratorios. Este curso 2024/2025, acudiu ás xornadas de portas abertas 1 IES cun total de 6 estudantes.

Táboa 6: Centros que durante o curso 2024/2025 realizaron Visitas de Portas Abertas na EEME

Data	Centro	Actividade	Persoal da EME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
18/12/2024	IES Beade	Petroloxía e visita ao Laboratorio de Mecánica de Rochas	Ignacio Pérez e Xíán Estévez	2º Bach	6



Figura 5: I. Pérez na visita ao Laboratorio de Mecánica de Rochas co IES Beade.

2.4 Visitas á EEME para recibir información sobre a oferta formativa do centro (graos)

En colaboración co SIE (Servizo de Información ao Estudantado da UVIGO), 10 centros de ensinanza visitaron a EEME para recibir información sobre os graos impartidos na Escola (Táboa 7) cun total de 160 estudantes.

Táboa 7: Sesións informativas sobre os graos impartidas na EME no curso 2024/2025.

Data	Centro	Nivel do alumnado	Nº de asistentes	Persoal da EEME
09/12/2024	IES A Guía (Vigo)	2º Bach	13	Raquel Pérez
09/12/2024	IES Indalecio Perez Tizón (Tui)	1º e 2º Bach	7	Raquel Pérez
16/12/2024	IES Félix Muriel (Rianxo)	1º e 2º Bach	14	Raquel Pérez
18/12/2024	IES Pedras Rubias (Salceda de Caselas)	1º Bach	15	Raquel Pérez
17/01/2025	IES Politécnico de Vigo (Vigo)	1º Bach	24	Raquel Pérez
24/01/2025	Colexio Los Sauces (Vigo)	2º Bach	17	Raquel Pérez
24/01/2025	Colexio Amor de Deus (Vigo)	2º Bach	10	Raquel Pérez
29/01/2025	IES Santo Tomé de Freixeiro(Vigo)	1º Bach	33	Raquel Pérez
07/05/2025	IES San Paio (Tui)	1º Bach	25	Raquel Pérez
07/08/2025	IES Val Miñor (Nigrán)	1º Bach	2	Raquel Pérez

3 Participación en Feiras de Orientación Universitaria

A EEME, neste curso 2024/2025, participou en 4 Feiras de Orientación Universitaria, indicadas na Táboa 8. Como número xeral de persoas asistentes aos *stands* da EEME pódese indicar 1130 asistentes.

Táboa 8: Feiras de Educación nas que participou a EEME no curso 2024/2025

Data	Feira científica	Persoal da EME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
09/10/2024	EDUGAL. Feira de orientación universitaria	Raquel Pérez Borja Barreiro Brian Torres	ESO, Bacharelato e ciclos formativos	300
10/10/2024	EDUGAL. Feira de orientación universitaria	Laura Andrés María Pazo Belén Parente Isaías Maytin	ESO, Bacharelato e ciclos formativos	300
11/10/2024	EDUGAL. Feira de orientación universitaria	Raquel Pérez Borja Barreiro	ESO, Bacharelato e ciclos formativos	200
21/02/2025	(In)Fórmate: II Xornada Técnica sobre formación e futuro laboral	Raquel Pérez e Diego Costas	ESO, Bacharelato	150
05/02/2025	Xornadas de Orientación Universitaria (Universidade de Vigo)	Raquel Pérez	IES SANTA IRENE (Vigo); IES FRANCISCO ASOREY (Cambados); COLEXIO POSSUMUS (Vigo); IES VALADARES (Vigo); IES de Vilalonga (Sanxenxo); IES REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI (Vigo); IES PEDRO FLORIANI (Redondela); IES PINO MANSO (O Porriño); IES RIBEIRA DO LOURO (O Porriño); COLEGIO LABOR (Vigo); IES CASTRO ALOBRE (Vilagarcía de Arousa); CPR PLURILINGÜE MARÍA INMACULADA (Vigo); CPR PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO (Vigo); IES POLITÉCNICO de Vigo; ESCOLA EÇA DE QUEIRÓS (Póvoa de Varzim, Portugal)	150
13/03/2025	Feira de Orientación IES Sánchez Cantón (Pontevedra)	Raquel Pérez	ESO, Bacharelato	30




Figura 6: Participación en Feiras de Orientación. A) B. Parente e I. Maytín en EDUGAL 2024 (Pontevedra). B) Stand da EME nas XOU 2025 (Campus de Vigo). C) D. Costas en (In)Fórmate (Vilagarcía de Arousa).

4 Participación noutros eventos de divulgación científica

4.1 Expo-feira científica “A ciencia que vén”

A Escola participou na expofeira científica “A Ciencia que vén”, organizada dentro do plan de actividades de divulgación “Ciencia de Ida e Volta” para o ano 2025, organizado pola Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo. O evento, celebrado o 30 de maio en Lalín, contou cun *stand* da EEME e coa presenza de Raquel Pérez, Diego Costas e Miguel Martínez.

Táboa 9: Participación en expofeiras científicas.

Data	Destinatarios	Actividade	Persoal da EEME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
30/05/2025	CEIP Varela Buxán CEIP Vicente Arias de la Maza CEIP Xesús Golmar CEIP Manuel Rivero CEIP Xoaquín Loriga	Termografía infravermella e eficiencia enerxética. Expofeira “A Ciencia que vén”	Raquel Pérez, Diego Costas e Miguel Martínez	5º e 6º primaria	180
30/05/2025	Público en xeral	Termografía infravermella e eficiencia enerxética. Expofeira “A Ciencia que vén”	Raquel Pérez, Diego Costas e Miguel Martínez	Público en xeral	30



Figura 7: A) M. Martínez e D. Costas realizando unha demostración de termografía. B) M. Martínez e R. Pérez no stand da expofeira “A ciencia que vén” (Lalín).

4.2 Noite Europea das Persoas Investigadoras

A Escola participou nas actividades que se realizaron na Noite Europea das Persoas Investigadoras o 27 de setembro de 2024, actividade organizada pola Unidade de Cultura Científica da UVIGO. Profesorado da Escola participou nas seguintes actividades:

- **Ciencia na terraza** (Biblioteca Neira Vilas - Vigo)
 - Ana Larrañaga e Juan Jesús Rico: “Na procura da potencia perdida: a España solar que non foi”.
- **Expo-feira científica** (Edificio Redeiras – Vigo)
 - Iria Feijoó, Carmen Martínez e Silvia Gómez, co stand “Materiais: ciencia ficción ou realidade”.
- **Obradoiros en centros escolares:**
 - Elena Alonso: “O papel das materias primas na transición enerxética” (IES de Mos)
 - Moisés Cordeiro e Javier López: “Intelixencia Artificial” (IES Carlos Casares – 54 participantes de 4º ESO e 2º Bach).

4.3 Pint of Science

A Escola participou nas actividades que se realizaron na X edición do evento *Pint of Science* Vigo, celebrado o 19 de maio de 2025, actividade organizada pola Asociación de Divulgación Científica “*Pint of Science* España”. O profesor da nosa Escola, Ignacio Pérez, impartiu a conferencia titulada “*A arte de non caer: penedos fronte a enxeñaría*”, na cafetería El Castro, de Vigo.



Figura 8: Participación nos eventos da G-NIGHT, con I. Feijoó na Expofeira de Redeiras (A) e A. Larrañaga e J.J. Rico na Ciencia na Biblio (B). I. Pérez durante a súa conferencia no Pint of Science (C).

4.4 Participación en Feiras de minerais

A EEME encargouse de organizar os seminarios de recoñecemento de *visu* de minerais en feiras de minerais ás cales asisten público en xeral e alumnado dos centros educativos da contorna. (Táboa 10). Estímase unha interacción con 345 estudantes de centros de primaria e secundaria.

Táboa 10: Feiras de minerais nas que o persoal da EME participou organizando o seminario de recoñecemento de minerais *de visu*.

Data	Feira	Persoal da EEME	Nivel del alumando	Nº de asistentes
06/03/2025	XI Feira de Minerais en Santiago de Compostela	Raquel Pérez Diego Costas e Miguel Martínez	Primaria, secundaria e Bacharelato	202
07/03/2025	XI Feira de Minerais en Santiago de Compostela	María Pazo Laura Andrés Diego Costas Miguel Martínez	Primaria, secundaria e Bacharelato	143



Figura 9: M. Martínez e D. Costas guiando o Obradoiro de Recoñecemento de Minerais na Feira de Santiago de Compostela.

4.5 Día da Muller e da Nena na Ciencia na EEME

O día 11 de febreiro celebrouse o *Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia*. Un día que ten coma obxectivo amosar a presenza ou falta de mulleres no ámbito científico-tecnolóxico. O Enlace de Igualdade da EEME, a profesora G. Fernández, xunto coa Unidade de Igualdade e a Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo organizaron este ano novamente a Xornada “Elas Fan CienTech”. O evento consiste na realización dunha serie de actividades e obradoiros nos que participaron 28 nenas do IES Ricardo Mella de Vigo (Figura 10).

Durante esa mañá participaron na xincana: “*The She-ience games: Catching Fire*” (organizada pola investigadoras Amanda Franco e Marta González) onde despois de amosarlles diferentes experimentos de combustión, por equipos tiveron que resolver un “roscó” de preguntas sobre o tema.

Outra das actividades foi “*The Wall*” (organizada polas profesoras e investigadoras da EME María Araújo, María Pazo e Cinthia Carou), onde aprenderon os conceptos básicos de fricción e agarre para conseguir construír unha parede de area empregando diferentes materiais estruturais. As rapazas divididas en varios equipos competían entre elas co fin de construír un muro o máis resistente posible.

Tamén se organizou a actividade “*Crebacabezas de Materiais*”, impartida por Iria Feijoo e Silvia González. Nela, as participantes puideron adentrarse no mundo da metalurxia e coñecer todo o proceso de obtención dos materiais metálicos máis comúns (dende a súa orixe baixo terra, ata a fabricación do produto final).

Finalmente, mediante o obradoiro de “*Fabricación de Pinturas*” dirixida por Teresa Rivas, as alumnas aprenderon aspectos relacionados coa mineraloxía, véndose inmersas nun concurso para identificar a maior cantidade de minerais posibles atendendo ao estudo das súas propiedades físicas.




Figura 10: Actividades desenvolvidas durante o Día internacional da nena e da ciencia o 11 de febreiro: A) Benvida e presentación; B) *The She-ience Games*; C) *Crebacabezas de Materiais*; D) *The Wall* e E) *Pinturas*.

4.6 Día da Muller e da Nena na Ciencia na Biblioteca Neira Vilas

Co gallo do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia e o Día Mundial da Enerxía, o 14 de febreiro de 2025 levouse a cabo unha actividade novidosa na Biblioteca Municipal Xosé Neira Vilas, de Vigo.

Consistiu nun *Escape room*, interxeracional, titulado “*Rescatando a Matilda*”. A Actividade foi organizada polos investigadores da EEME Moisés Cordeiro e Raquel Pérez, en colaboración coa dirección da biblioteca. Participaron un total de 10 persoas de diferentes idades, traballando en equipos para superar unha serie de probas relacionadas cos ámbitos STEAM e mulleres referentes en cada unha destas disciplinas.



Figura 11: M. Costas e R. Pérez durante o Escape Room interxeracional sobre Mulleres na Enxeñaría celebrado na Biblioteca Municipal Xosé Neira Vilas de Vigo o 14 de febreiro.

4.7 Olimpíada de Xeoloxía 2025

O 12 de febreiro do 2025 celebrouse na EEME a XV Olimpíada de Xeoloxía. Nesta edición participaron 116 estudantes de ESO e Bacharelato de 15 centros educativos da provincia de Pontevedra (IES Johan Carballeira, IES A Guía, IES Primeiro de Marzo, IES Plurilingüe Terra de Turonio, IES de Soutomaior, IES Salvaterra de Miño, IES Ribeira do Louro, IES Mendiño, IES Politécnico de Vigo, IES Teis, CPI Cova Terreña, IES República Oriente do Uruguai; IES Sampoio Tui, IES Illa de San Simón e IES Coruxo). A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa que pretende:

- Fomentar o interese polos contidos propios da Xeoloxía e do conxunto das Ciencias da Terra
- Animar ao alumnado participante a comezar estudos universitarios relacionados coa Xeoloxía
- Destacar a importancia dos coñecementos en Xeoloxía para: (i) a preservación do medio natural, (ii) a xestión racional dos recursos e (iii) a adopción de medidas ante impactos e riscos xeolóxicos.

Esta actividade é organizada pola AEPECT (“*Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*”) e o “*Colegio Oficial de Geólogos*”; a EEME colabora no seu desenvolvemento dende 2011. Ao longo do día o alumnado participante enfrontouse a un exame teórico e unha proba práctica, unha xincana xeolóxica, que se realizou nas instalacións da EEME. Pola tarde, a EEME organizou unha serie de obradoiros relacionados con diferentes ámbitos nos que o coñecemento da Xeoloxía é un recurso necesario, que foron:

- “*Intelixencia Artificial para o recoñecemento de minerais*”, M. Cordeiro e R. Pérez
- “*Paleontoloxía 3D*”, B. Díez.
- “*Enxeñaría de Materiais*”, I. Feijóo e S. González



Figura 12: Imaxes da xornada de celebración da Olimpiada de Xeoloxía en 2025.

4.8 Foro Tecnolóxico de Emprego

Os días 11 e 12 de marzo de 2025 tivo lugar a XXV edición do Foro Tecnolóxico de Emprego. Este evento é organizado polas Delegacións de Alumnado das tres escolas de enxeñaría da UVigo: Telecomunicacións, Minas e Enerxía e Industriais. Está pensado para axudar ao estudiantado a ter o primeiro contacto cos responsables de RRHH de numerosas empresas do sector tecnolóxico e da enxeñaría.

Nesta edición, coma cada ano, algúns dos nosos estudantes participaron no equipo de organización así coma nos equipos de colaboración.

Este ano participaron 51 empresas do sector, impartíronse 9 *workshops* e charlas, e realizáronse 3 actividades.

5 Proxecto FECYT “Olimpiada da Enerxía”.

No curso 2024/2025, levouse a cabo o proxecto “*Olimpiada de la Energía*”, financiado pola convocatoria “*Ayudas para el Fomento de la Cultura Científica, Tecnológica y de la Innovación*” da FECYT. No proxecto participaron Elena Alonso (Coordinadora), Salomé Álvarez, María Araújo, Marta Cabeza, Moisés Cordeiro, Francisco Deive, Asunción Longo, Iago Pozo, David Patiño, Raquel Pérez, Ana Rodríguez, Miguel Rodríguez e Benito Vázquez.

O obxectivo principal desta iniciativa é ampliar o coñecemento e a comprensión das disciplinas STEM entre o alumnado preuniversitario, así como sensibilizar cara ao sector enerxético, promovendo unha

canteira profesional orientada á transición enerxética.

O proxecto estruturouse en dúas fases complementarias. Na primeira fase, o equipo docente e investigador da Escola elaborou un conxunto de materiais didácticos e recursos formativos, dispoñibles na web do proxecto (<https://olimpiadaenerxia.uvigo.gal/>), orientados a facilitar o traballo do profesorado dos centros de ensino medio. Estes materiais abranguen contidos teóricos, propostas prácticas e unidades sobre enerxías renovables, produción eléctrica e térmica, eficiencia enerxética, economía circular e o papel da muller na ciencia. O obxectivo era dotar o profesorado das ferramentas necesarias para preparar o alumnado cara á segunda fase do proxecto: a celebración da Olimpíada propiamente dita.

Nesta primeira edición, participaron un total de 16 centros de educación secundaria de FP de toda Galicia, involucrando a máis de 150 estudantes.



Figura 13: Foto de familia das persoas participantes na I Olimpíada da Enerxía.

A xornada da Olimpíada celebrouse o 9 de abril de 2025 nas instalacións da EEME. Durante a xornada realizáronse diferentes probas, tanto individuais como en equipo, que combinaban coñecementos teóricos e aplicacións prácticas vinculadas ás temáticas anteriormente mencionadas:

- Test teórico individual sobre enerxía e sostibilidade
- Proba de divulgación científica, na que o alumnado debía comunicar un concepto enerxético de forma clara e atractiva
- Reto Arduino, centrado no deseño dun pequeno experimento tecnolóxico
- Debate sobre enerxía, sociedade e cambio climático
- Proba “Fake news”, orientada a identificar información falsa ou pouco rigorosa no ámbito científico
- Exposición “Mulleres Enerxéticas”, na que se presentaron pósteres elaborados polo alumnado sobre figuras femininas relevantes no campo da enerxía.



Figura 14: Imaxes da xornada de celebración e das probas da I Olimpiada da Enerxía na EEME.

En paralelo, tamén se realizaron outras actividades de divulgación científica complementarias, destinadas ao público non participante nas probas da Olimpiada. A Táboa 11 recolle en detalle a participación do equipo investigador e outras persoas colaboradoras da Escola na celebración desta xornada.

Finalmente, procedeuse á entrega de premios e diplomas, recoñecendo o esforzo, a creatividade e a participación de todos os equipos e centros implicados. Pódese consultar o resultado e equipos galardoados na seguinte ligazón: <https://olimpiadaenerxia.uvigo.gal/2025/04/10/galeria-da-entrega-premios/>.



Figura 15: Intre da cerimonia de entrega de premios, onde o equipo de guías acompaña ao equipo do IES Lagoa de Antela, galardoado co 1º premio da proba de Divulgación.

Táboa 11: Actividades realizadas durante a xornada da I Olimpíada da Enerxía e persoal da EEME participante.

Data	Evento	Número asistentes	PDI participante	Actividade	Lugar / Responsable
09/04/2025	I Olimpíada da Enerxía	37	Iago Pozo Teresa Rivas Miguel Ángel Gómez Fran García Mario Soilán Joaquín Martínez Christian Gil Jesús Vence Salomé Álvarez Fran Deive Marta Cabeza	Proba Divulgación Científica	EEME (Raquel Pérez – Elena Alonso)
09/04/2025	I Olimpíada da Enerxía	85	Salomé Álvarez Fran Deive Marta Cabeza	Proba Teórica	EEME (Fran Deive – Elena Alonso)
09/04/2025	I Olimpíada da Enerxía	50	David Patiño Moisés Cordeiro Javier Pereiro Pablo Eguía	Proba Arduino	EEME (David Patiño – Elena Alonso)
09/04/2025	I Olimpíada da Enerxía	23	Iago Pozo Pablo Eguía Salomé Álvarez Ana Rodríguez Asunción Longo Raquel Pérez Fran Deive David Patiño	Proba Debate	
09/04/2025	I Olimpíada da Enerxía	84	Benito Vázquez	Actividade Paralela: Física Re-Creativa	EEME
09/04/2025	I Olimpíada da Enerxía	85	María Araújo	Actividade Paralela: Alén da Terra: recursos espaciais e a revolución enerxética	EEME
09/04/2025	I Olimpíada da Enerxía	52	Javier López	Actividade Paralela: Intelixencia Artificial e Eficiencia Enerxética	EEME
09/04/2025	I Olimpíada da Enerxía	160	Juan José García Marta Caride Amanda Franco Cinthia Carou Diego Costas Miguel Martínez Héctor Santorum Alejandro Otero Moisés Cordeiro	Guiado pola EEME	EEME (Raquel Pérez-Elena Alonso)

6 Material e outros recursos materiais de promoción e divulgación

Na Táboa 12 reflíctese a impresión de folletos informativos sobre as titulacións da EEME e a contribución á prensa escrita mediante a redacción de artigos asinados principalmente pola directora da EEME nos que se recolle a necesidade de profesionais dedicados á xestión sostible de recursos minerais e enerxéticos.

Táboa 12: Recursos materiais elaborados este ano co obxectivo de promocionar as titulacións da EEME

Material	Responsable	Descrición	Canles de difusión	Data
Carteis e trípticos dos graos	Coordinadora Comisión Difusión	Carteis e trípticos con información sobre os Graos da Escola e a Aula Aberta á Tecnociencia	Entrega aos participantes nas actividades de difusión. Envío a centros de ESO e Bacharelato	Ao longo do curso
<i>Merchandising</i>	Coordinadora Comisión Difusión	Material de obsequio (bolsas, lanternas, sets escritura, cubre cámaras...)	Entrega aos participantes durante as actividades de difusión	Ao longo do curso
Notas en prensa	Dirección da EME	Anuncios no Faro de Vigo, La Voz de Galicia e no DUVI	Faro de Vigo, La Voz de Galicia e DUVI	Diversas novas xeradas en torno a proxectos e concursos
<i>Facebook</i>	Coordinadora Comisión Difusión	Rede social de comunicación/información		Ao longo do curso
<i>Instagram</i>		Rede social de comunicación/información		Ao longo do curso
<i>Canal Youtube</i>		Rede social de comunicación/información		Ao longo do curso

7 Concursos

Ademais, a EEME convocou unha serie de concursos para dar a coñecer temáticas relacionadas coas saídas profesionais das titulacións. A publicidade destes concursos realizouse a través das redes sociais, web, *e-mails* e cartas aos centros (ANEXO I).

7.1 ENFOCA.RME 2024

O 3 de decembro de 2024 tivo lugar na EEME a entrega de premios dos concursos Enfoca.RME 2024 e Contos para a EME 2024. Con respecto ao concurso fotográfico recibíronse máis de 30 fotografías candidatas.

A fotografía gañadora foi “*A cielo abierto*” realizada por J.M. Maiquez.



Figura 16: J.M Maiquez, “A *cielo aberto*”, 1º premio Enfoca.RME 2024.

O segundo premio recibíuno G. Somoza, pola obra “*Eólicos*”:



Figura 17: G. Somoza, “*Eólicos*”, 2º premio Enfoca.RME 2024.

Concedeuse, de xeito extraordinario, un accésit á obra titulada “Costa da Morte”, realizada por J. Arcenillas.



Figura 18: J.Arcenillas, “Costa da Morte”, accésit Enfoca.RME 2024.

7.2 CONTOS PARA A EME 2024

Por outro lado, co gallo da celebración do día internacional da Muller na Enxeñaría (23 de xuño) e na Minería (15 de xuño), volveu abrirse o concurso de microrrelato, organizado polo Enlace de Igualdade do centro, G. Fernández.

Trátase dun concurso de microrrelato, de entre 200 e 300 palabras, cuxa frase inicial é “*Ela di que quere contribuír a mellorar a vida das persoas e que si estuda na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía en Vigo vai poder facelo porque...*”. Nesta 3ª edición recibíronse 12 textos orixinais en ambos idiomas, galego e castelán.

Nesta terceira edición resultou gañador na categoría de alumnado de bacharelato ou FP o relato titulado “*Ela*” de E. Regueira Lobeira (IES Johan Carballeira, Bueu), mentres que E. Duro Sanmartín (IES Antón Losada Diéguez, A Estrada) levou o accésit nesta categoría coa súa obra sen título. B. Torres Rodríguez coa obra “*Sen título*” foi o galardoado co premio ao mellor relato na categoría de alumnado de Grao ou Máster da Universidade de Vigo, acompañado polo accésit de L. Castrillo Sánchez concedido ao seu relato.

7.3 MULLE.RME 2025

Este concurso organizouse co Enlace de Igualdade na EEME, Generosa Fernández Manín. Trátase dun concurso de fotografía co obxectivo dar visibilidade á muller nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas, materiais e enerxía: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc. Presentáronse 22 fotografías. O 8 de marzo tivo lugar a entrega de premios do concurso fotográfico Mulle.RME 2025. As fotografías gañadoras foron:

- 1º Premio: “*El sueño de una ingeniera de petroleos en un taladro de perforación petrolero*”, de L.T. Ballesteros Rozo.

Recolleu o premio de forma telemática a protagonista da fotografía. A descrición da foto é a seguinte: “*La ingeniera de petróleos, destacada por su liderazgo en el campo, se encuentra perforando un pozo petrolífero en Coloría, en el área de Perforación Direccional y MLWD. Como mujer en una industria predominantemente masculina, su experiencia y habilidad son clave para supervisar la precisión de la perforación y la interpretación de datos en tiempo real. Su trabajo no solo demuestra destreza técnica, sino también el poder de las mujeres en la ingeniería.*”.



Figura 19: L.T: Ballesteros Rozo, *“El sueño de una ingeniera de petroleos en un taladro de perforación petrolero”*, 1º premio Mulle.RME 2025.

- 2º Premio: *“Subindo para romper o teito de cristal”*, de S. García Pérez, alumna do Grao en Enxeñaría da Enerxía.

Recolleu o premio de forma presencial a protagonista da fotografía. A descrición da foto é a seguinte: *“Os aeroxeradores quedan pequenos en comparación cos pasos da tecnoloxía e das mulleres do ámbito STEM. Quedan moitos chanzos por acadar pero pronto chegaremos o ceo da equidade e da innovación”*.



Figura 20: S. García Pérez, *“Subindo para romper o teito de cristal”*, 2º premio Mulle.RME 2025.

- Accésit junior: “Visión de nena”, de L. Berrocal Sánchez.

Recolleu o premio a autora da fotografía, acompañada de súa nai. A descrición da foto é a seguinte: “Esta é a visión que tiña eu con cinco anos da miña nai traballando na mina, unha das poucas mulleres que coñecía de pequena”.



Figura 21: L. Berrocal Sánchez, “Visión de nena”, Accésit junior Muelle.RME 2025.

8 STEMBach

Ao longo do curso 2024/2025 o centro participou no programa STEMBach cos seguintes proxectos e IES. Indícanse a continuación os centros e o profesorado da EEME que titoriza os traballos.

- Colexio Internacional Plurilingüe Jesuitinas Miralba (Vigo); Bienio 2023/2025; Francisco Deive, Ana Rodríguez e Asunción Longo (1 estudante). Defendido o 20/05/2025.
- IES República Oriental do Uruguai (Vigo); Bienio 2023/2025; Francisco Deive, Ana Rodríguez e Asunción Longo (1 estudante). Defendido o 30/05/2025.
- CPR Plurilingüe Las Acacias (Vigo); Bienio 2024/2026; Santiago Pozo e Daniel Desmond (4 estudantes). En marcha.

9 ACTIVIDADES CON DIMENSIÓN SOCIAL

No curso 2024/2025 incorporáronse, como novidade, algunhas accións de promoción e cooperación orientadas a reforzar a dimensión social e divulgativa da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Estas iniciativas contribúen á promoción da cultura científica e á cooperación educativa e social, reforzando o compromiso da EEME coa inclusión, a igualdade de oportunidades e o acceso equitativo ao coñecemento científico e tecnolóxico. Na Táboa 13 recóllense as actividades con dimensión social realizadas no curso 2024/2025.

Táboa 13: Participación en actividades con dimensión social.

Data	Centro	Número asistentes	PDI participante	Actividade	Lugar de celebración
26/02/2025	Salem-Ahmed Baricala (Bojador, RASD)	23	Raquel Pérez e Héctor Santorum	A maxia da combustión	Virtual
18/03/2025	ASPANSIM (Asociación de Padres de Minusválidos Psíquicos de Morrazo - Cangas)	27	Moisés Cordeiro e Raquel Pérez	Materiais Intelixentes, Termografía e a Maxia da Combustión	No centro

9.1 Cooperación comunidade Saharauí

No marco das accións de promoción e cooperación internacional, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo participou o 26 de febreiro de 2025 nunha iniciativa de divulgación científica dirixida a estudantes saharauís da escola Salem-Ahmed Baricala, situada na *wilaya* de Bojador (República Árabe Saharauí Democrática). A actividade consistiu nun obradoiro de combustión, impartido de forma telemática pola investigadora Raquel Pérez e o estudante colaborador Héctor Santorum, en coordinación coa docente local Ahjabha Hamadi. O obxectivo foi achegar contidos básicos sobre ciencia e enerxía a alumnado de entre 10 e 14 anos, mediante unha metodoloxía práctica e adaptada ao contexto educativo dos campamentos de refuxiados de Tinduf.



Figura 22: Intres da actividade realizada coa escola Salem-Ahmed Baricala. Á esquerda, imaxe da aula co estudante participante e á dereita, captura de pantalla da sesión virtual.

9.2 ASPANSIM

O 18 de marzo de 2025, Moisés Cordeiro e Raquel Pérez, realizaron unha actividade de divulgación científica na Asociación ASPANSIM (Asociación de Padres de Minusválidos Psíquicos de Morrazo), en Cangas. Trátase dunha entidade dedicada á atención e inclusión de persoas con diversidade funcional.



Figura 23: Foto de familia (esquerda) e intre da actividade realizada coa asociación ASPAMSIM.

A sesión consistiu nun obradoiro titulado “Materiais intelixentes, termografía e a maxia da combustión”, no que participaron 27 persoas usuarias da asociación. A través de experimentos sinxelos e demostracións prácticas, exploráronse as propiedades dos materiais intelixentes, o funcionamento das cámaras termográficas e os principios básicos das reaccións de combustión, sempre cun enfoque participativo e adaptado ao público asistente. A actividade permitiu achegar a ciencia e a enxeñaría dun xeito ameno e accesible, fomentando a curiosidade e o interese pola experimentación.

10 Redes sociais

As redes sociais en activo son:

- *Instagram*: <https://www.instagram.com/Escuelaminasyenergiavigo/?hl=es>
cun total de 1550 seguidores.
- *Facebook*: <https://www.facebook.com/Escuelaminasyenergiavigo/>
cun total de 877 seguidores.
- *YouTube*: <https://www.youtube.com/channel/UC0-4jP2KBPwuMBBuSbBP5hg>
cun total de 66 subscritores.

11 Valoración do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do curso 2024/2025.

A modo de resumo preséntanse os principais datos en relación ás actividades de promoción da Escola.

Durante este curso 2024/2025, persoal da EEME visitou 60 centros para impartir conferencias temáticas de divulgación científica, atendendo directamente a 2981 estudantes. A exposición itinerante estivo en 8 centros galegos.

Realizáronse 7 obradoiros de recoñecemento de minerais *de visu* (un total de 276 estudantes) e 9 nos IES que así o solicitaron (cun total de 329 asistentes). A EEME organizou os obradoiros de recoñecemento de minerais dunha das feiras de minerais máis importantes de Galicia: a de Santiago de Compostela (cun público asistente de 345 rapaces e rapazas).

21 centros realizaron algunha das actividades da Aula Aberta á TecnoCiencia (700 asistentes).

A través da organización do SIE (Servicio de Información ao estudantado) 10 IES pasaron pola EEME para recibir información sobre os nosos graos cun total de 160 asistentes.

Nas Xornadas de Portas Abertas participaron 6 asistentes.

Coa celebración da I Olimpíada da Enerxía e a XV Olimpíada de Xeoloxía chegouse a 16 e 15 centros educativos, correspondendo a 150 e 116 persoas respectivamente.

Cabe sinalar que a participación da EEME no programa STEMBach mantense estable na EEME.

Celebráronse os concursos:

- Contos para a EME 2024
- ENFOCA.RME 2024
- MULLE.RME 2025

A presenza da EEME nas redes sociais foi axeitada e a través delas deuse visibilidade aos graos e as actividades desenvolvidas na Escola.

Cabe sinalar que o persoal da EEME atendeu directamente a un total de 5848 estudantes de ESO, Bacharelato e FP, sen contabilizar a atención noutras actividades nas que non é sinxelo recoller a información do alumnado atendido (feiras educativas e o resto de eventos que se recollen no informe e dos que se proporciona una estimación do número de persoas asistentes). En calquera caso a cifra de alumnado atendido directamente é moi relevante e mantívose respecto ao dato do curso anterior, motivo que xustifica unha boa valoración das actividades realizadas no marco do Plan de Promoción das titulacións do centro.

En Vigo, a 20 de novembro de 2025

Raquel Pérez Orozco
Coordinadora da Comisión de Difusión da EEME

ANEXO I

Vigo, 06 de setembro de 2024

Prezado/a amigo/a:

Son Raquel Pérez, subdirectora da **Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía** da Universidade de Vigo, e compráceme amosarlle as actividades que oferta a nosa Escola, totalmente gratuítas, que poden ser de interese para completar o contido das materias impartidas no seu centro:

CHARLAS DIVULGATIVAS E MONOGRÁFICAS

Pomos a súa disposición dous tipos de charlas: i) sobre os graos que se imparten no noso centro: **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos** e **Grao en Enxeñaría da Enerxía**, para amosar as competencias e saídas profesionais do noso alumnado, e ii) charlas monográficas centradas nun tema específico, algúns dos títulos son:

- Materiais intelixentes e outras aplicacións
- Física Re-Creativa: <http://www.clickonphysics.es/>
- Recursos minerais en Galicia/España
- Termografía infravermella
- Aspectos medioambientais na explotación de recursos
- Restauración de espazos afectados por explotacións mineiras
- Conservación do *street art*
- Tecnoloxía láser aplicada á conservación do Patrimonio construído
- ¿Que fai un/unha enxeñeiro/a de minas conservando patrimonio cultural?
- Minaría espacial
- Sustentabilidade na explotación de recursos mineiros.
- A chispa azul: a enerxía do mar.
- O cambio climático e o seu efecto en estruturas críticas
- A importancia das materias primas minerais na transición enerxética
- Un mundo de dados: intelixencia artificial

Ademais destes títulos, se no seu instituto estiveran interesados nalgún tema en concreto, relacionado con **MATERIAIS**, **ENERXÍA** e **MEDIO AMBIENTE**, poderíamos preparar unha charla. O conferenciante desprazaríase ao seu centro nun horario acordado previamente. Duración: charla sobre os graos (30 minutos) e charla monográfica (45 minutos).

ACTIVIDADES RELACIONADAS CON IGUALDADE

No marco do compromiso do noso centro pola igualdade, tamén organizamos as seguintes actividades:

- Charla monográfica: A muller en enxeñaría. Charla de 45 minutos que pode ser impartida no seu centro ou na nosa Escola.
- Concurso **Contos_eme 2024**. Trátase dun concurso de microrrelatos. Achégase cartel coas bases, e poden atopar máis información na nosa web, no enlace: http://minasyenerxia.uvigo.es/es/institutos/divulgacion/concursos/contos_eme-2024/

OBRADOIRO DE RECOÑECIMENTO DE MINERAIS

Unha das actividades máis demandadas é o **Obradoiro de Recoñecemento de Minerais**. Nesta actividade, ademais dun recoñecemento *de visu* dos principais minerais, facemos fincapé na presenza destes na nosa vida cotiá e nos procesos de extracción dos mesmos.

Duración: 1 hora.

AULA ABERTA Á TECNOCENCIA

Un motivo para visitar a nosa Escola é a nova **Aula Aberta á TecnoCiencia**. Trátase dun espazo no cal desenvolvemos actividades manipulativas divididas en varios módulos: *Combustión, Xeotecnoloxías, Intelixencia Artificial, Termografía Infravermella, Física, Materiais, Enxeñaría química e Enxeñaría do terreo*. Nestas sesións o seu alumnado poderá adquirir coñecementos científicos e técnicos a través da práctica. **Achégase folleto informativo nesta carta.**

Duración dos obradoiros: 1 hora.

EXPOSICIÓN ITINERANTE

Ofrecemos a posibilidade de albergar no seu centro educativo unha exposición de carácter didáctico e itinerante sobre Recursos Naturais de Galicia, Materiais e Reciclaxe, Restauración de Espazos Naturais, na que se describen os recursos enerxéticos e minerais dos que dispón Galicia e como é o seu aproveitamento actual. Consta de cinco *banners* con soporte autoportante de fácil montaxe.

Tempo de concesión: segundo as necesidades do seu centro.

ACTIVIDADES DE PORTAS ABERTAS

Finalmente, sería un pracer recibilos na data que ao seu centro lle viñera mellor, de maneira que o seu alumnado poida coñecer as nosas instalacións e asistir a unha serie de actividades relacionadas con **MATERIAIS, ENERXÍA e MEDIO AMBIENTE**. Consistiría nunha visita aos diferentes laboratorios da Escola na que os estudantes realizarán actividades vencelladas á enxeñaría de materias, termografía, explosivos e tecnoloxía enerxética.

Duración: 2 horas.

Por todo isto, se considera que algunha destas actividades pode resultar interesante para o seu alumnado, pónase en contacto connosco a través do e-mail (eme@uvigo.gal) ou teléfono (986 813 423 // 648 210 312). A duración indicada para cada actividade é estimada. Gustaríame indicarlle que ao longo do curso iranse deseñando novas actividades, que lle serán comunicadas. Tamén pode seguir as nosas actividades a través de *instagram* [#escuelaminasyenergiavigo](https://www.instagram.com/escuelaminasyenergiavigo/), na nosa páxina do Facebook *Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía* ou na nosa web <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/>

Moitas grazas polo seu tempo e reciba un cordial saúdo.

Raquel Pérez Orozco

Subdirectora de divulgación científica e captación de alumnado

eme@uvigo.gal // Teléfono: 986 813 423 // 648 210 312

Vigo, 06 de setembro de 2024

Prezado/a amigo/a:


Son Raquel Pérez Orozco, subdirectora da **Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME)**, e comprácame invitarlle a participar nos concursos convocados por esta Escola para o vindeiro curso académico 2024/2025 e que poden ser de interese para completar o contido das materias impartidas no seu centro.

- **CONTOS_EME 2024.** Trátase dun concurso de microrrelatos encadrado no marco do compromiso pola igualdade da nosa Escola. Deberá ter unha extensión mínima de 200 palabras, máxima de 300 e estar escrito con letra Arial 11 e entreliñado de 1 liña. O prazo de presentación remata o 30 de outubro de 2024, ás 20h. A entrega de premios será na primeira semana de decembro do 2024 na EME.
- **ENFOCA.RME 2024:** Trátase dun concurso de fotografía e vai dirixido ao público en xeral. A data límite de envío de fotografías é o 15 de novembro do 2024. A entrega de premios será na primeira semana de decembro do 2024 na EME.
- **MULLE.RME 2025.** Trátase dun certame de fotografía dirixido ao público en xeral. A súa temática é a visibilidade da muller nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas e enerxía. A data límite de envío de fotografías é o 23 de febreiro do 2025. A entrega de premios será durante a celebración do día internacional da muller do 2025 na EME.

Achegámoslle carteis coas bases de cada un destes concursos. Así mesmo, ten toda a información na nosa web <http://minaseenerxia.uvigo.es/es/institutos/divulgacion/>

Finalmente, convidámoslle a seguir as nosas actividades a través de *instagram* @minaseenerxia, na nosa páxina do *Facebook* *Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía* ou na nosa web: <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/>

Moitas grazas polo seu tempo e reciba un cordial saúdo.



José Santiago Pozo Antonio
Raquel Pérez Orozco
eme@uvigo.es // Teléfono: 986 81 34 23 | 648 210 312